



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

Estase levando a cabo o expediente de municipalización do servizo do albergue xuvenil deste Concello.

Neste momento atopámonos no tramite de exposición ao público da memoria elaborada pola Comisión de estudo.

Por outra banda, estase levando a cabo tamén o cambio de cualificación xurídica do inmovible que alberga a instalación.

Preténdese poner en marcha a instalación do albergue de cara o verán, sendo a fórmula de xestión proposta pola Comisión a concesión.

O establecemento do réxime xurídico dun servizo público require, entre outros, a aprobación das tarifas a esixir pola utilización do albergue.

Así, e de conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola utilización do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños, **RESOLVO:**

Primeiro: expoñer a través do portal web municipal (www.concello-cabana.es/) e na sede electrónica municipal (<https://sede.concello-cabana.es/es/>), durante o período de dez días naturais o texto íntegro da proposta de Regulamento interno do albergue xuvenil do Concello de Cabana de Bergantiños durante os cales os interesados poderán presentar as súas propostas á redacción definitiva do texto.

Así, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa: os derivados da inexistencia de regulación referentes ás tarifas pola utilización do albergue xuvenil. Estase levando a cabo a municipalización do servizo, cuxa memoria xustificativa propón como medio de xestión a concesión, cuxo réxime xurídico establece a necesidade de contar con este tipo de regulación.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación: obrigatoriedade determinada na lexislación das facendas locais.
- Os obxectivos da norma: regular as normas para a esixencia da tarifa proposta, feito impositivo, suxeitos pasivos, nacemento da obriga e contía do prezo público.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias: dada a demanda da instalación, e o feito de contar cos permisos correspondentes para poner en funcionamento a instalación, non existen solucións alternativas ou non son axeitadas.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal e sede electrónica municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BORRADOR DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO ALBERGUE XUVENIL DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

disposto nos artigos 15 a 19 da Lei Reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Cabana de Bergantiños establece o "Prezo Público pola utilización do Albergue xuvenil" que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

Artigo 2º.- Feito Impoñible.

Constitúe o feito impoñible da presente Ordenanza a utilización do Albergue xuvenil.

Artigo 3º.- Obrigados ao pago.

Estarán obrigados ao pago dos Prezos públicos establecidos as persoas, naturais ou xurídicas que, previa autorización, utilicen as instalacións do Albergue.

Artigo 4º. – Nacemento da obriga de pago.

A obriga de pagar o prezo público nace desde que se autorice a utilización das instalacións do Albergue.

Artigo 5º.- Contía.

A contía dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza, (sen incluír o IVE repercutible aos usuarios) será a seguinte:

TARIFA POR PERSOA E DÍA..... 8,00 € (sen IVE incluído).

Artigo 6º.- Normas de xestión.

Os prezos públicos esixiranse desde que se autorice a utilización das instalacións do Albergue. O obrigado ao pago, antes de proceder á utilización real do inmovible, deberá realizar o depósito do importe total.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo público, a utilización das instalacións non se leve a efecto, procederá a devolución do importe correspondente.

As débedas por este concepto poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio

Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada na sesión plenaria de data XX/XX/2018 entrando en vigor ao día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)